



CONCELLO DE ARANGA

ANUNCIO: APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

Por non presentarse reclamacións durante o período de información pública, elévase a definitivo o acordo municipal do día 30 de outubro de 2025, aprobando a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, que comenzará a súa aplicación o un de xaneiro de 2025, quedando, a partir desta data, derogada expresamente a ordenanza en vigor.

De conformidade co establecido no artigo 17.4 da Lei 39/1988, reguladora das facendas locais, publícase o texto íntegro da Ordenanza:

ORDENANZA FISCAL Nº 2, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.-

Artigo 1º.-

Artigo 1.- De conformidade co previsto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, as cotas do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica aplicables neste municipio serán as establecidas no art. 95 da referida norma estatal, incrementadas cun coeficiente de 1,30.

Polo tanto, unha vez aplicado o coeficiente, as cotas vixentes son as recollidas no seguinte cadro:

Potencia e clase de vehículo	Cota-Euros
A) Turismos:	
De menos de 8 cabalos fiscais	16,41
De 8 ata 11,99 cabalos fiscais	44,30
De 12 ata 15,99 cabalos fiscais	93,52
De 16 hasta 19,99 cabalos fiscais	116,49
De 20 cabalos fiscais en diante	145,60
B) Autobuses:	
De menos de 21 prazas	108,29
De 21 a 50 prazas	154,23
De más de 50 prazas	192,79
C) Camións:	
De menos de 1.000 quilogramos de carga útil	54,96

De 1.000 a 2.999 quilogramos de carga útil	108,29
De máis de 2.999 a 9.999 quilogramos de carga útil	154,23
De máis de 9.999 quilogramos de carga útil	192,79
D) Tractores:	
De menos de 16 cabalos fiscais	22,97
De 16 a 25 cabalos fiscais	36,10
De máis de 25 cabalos fiscais	108,29
E) Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:	
De menos de 1.000 e máis de 750 quilogramos de carga útil	22,97
De 1.000 a 2.999 quilogramos de carga útil	36,10
De máis de 2.999 quilogramos de carga útil	108,29
F) Outros Vehículos:	
Ciclomotores	5,75
Motocicletas ata 125 centímetros cúbicos	5,75
Motocicletas de máis de 125 ata 250 centímetros cúbicos	9,84
Motocicletas de máis de 250 ata 500 centímetros cúbicos	19,69
Motocicletas de máis de 500 ata 1.000 centímetros cúbicos	39,38
Motocicletas de máis de 1.000 centímetros cúbicos	78,75

Artigo 2º.-

O pago do imposto acreditaráse mediante a declaración- liquidación ou recibo debidamente validado pola Entidade recaudadora.

Artigo 3º.-

1. No caso das primeiras adquisicións de vehículos , ou cando estes se reformen de maneira que altere a súa clasificación aos efectos do presente imposto, os suxeitos pasivos presentarán, nos lugares que determine a Deputación Provincial da Coruña, no prazo de trinta días a contar dende a data de adquisición ou reforma, declaración-liquidación segundo o modelo aprobado pola Corporación, acompañado da documentación acreditativa da súa compra ou modificación, certificado de características técnicas do vehículo e documento nacional de identidade ou código de identificación fiscal do suxeito pasivo.

2. Simultaneamente á presentación da declaración-liquidación a que se refire o apartado anterior, o suxeito pasivo ingresará o importe da cuota do imposto resultante da mesma. Esta autoliquidación terá a consideración de liquidación provisional en tanto que pola oficina xestora non se comprobe que a mesma se ten efectuado mediante a correcta aplicación das normas reguladoras do imposto.

Artigo 4º.-

1. No caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación, a recaudación das correspondentes cuotas realizarase mediante o sistema de padrón anual no que figurarán todos os vehículos suxeitos ao imposto que esten inscritos no correspondente Rexistro Público a nome das persoas ou entidades domiciliadas no termo municipal.

2. O Padrón do imposto exporase ao público anualmente para que os lexítimos interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas. A dita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e producirá os efectos de notificación da liquidación de cada un dos suxeitos pasivos.

Artigo 5º.-

Gozarán dunha bonificación do cen por cen, sobre da cuota do imposto, os vehículos históricos e aqueles que teñan unha antigüidade mínima de 25 anos, contados dende a data da súa fabricación ou, siesta non se coñece, tomando como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data no que o correspondente tipo ou varainte deixouse de fabricar.

A bonificación será de natureza regrada e terá carácter rogado, debendo ser solicitada expresamente polo suxeito pasivo, aportando, con anterioridade ao devengo do imposto, xunto á solicitude, a documentación que acredite a data da súa primeira matriculación ou certificado do fabricante ou de Industria respecto da data na que se deixou de fabricar o modelo en cuestión, así como a documentación que xustifique que estar ao corrente no pago do imposto, mediante a exhibición dos recibos dos últimos catro anos, ou certificado equivalente.

Artigo 6º.-

No non expresamente previsto nesta Ordenanza rexerán os preceptos que se conteñen na Subsección 4ª, da sección 3ª, do capítulo II, do título II do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, nas normas concordantes e complementarias desta e nas demais Leis do estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas no seu desenvolvemento.

Disposición final.-

A presente Ordenanza entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación. O día da súa entrada en vigor, quedará derogada a anterior Ordenanza Fiscal nº2.

Aranga, 18 de decembro de 2025

O alcalde

Asdo. Alberto Platas Álvarez

CIF. P1500300G

Praza Mestre Mosquera n.º 1 15317 ARANGA (A Coruña)

Teléfono 981 793 551

Fax 981 793 581

correo@aranga.gal

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)